

**ANUNCIO****ASTO.: ACORDOS RELATIVOS Á SOLICITUDES DE REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN PROVISIONAL OBTIDA NA 1ª PROBA (Proba teórico-práctica) E DAS ALEGACIÓNS E RECLAMACIÓNS FORMULADAS EN TEMPO E FORMA RESULTADO PROVISIONAL DAS CUALIFICACIÓNS OBTIDAS POLOS CANDIDATOS QUE CONCORRERON.****CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA- Coñecemento da lingua galega.**

O Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo de funcionarios interinos para o acceso á categoría de auxiliar administrativo do concello de Bueu acordou, na sesión celebrada con data 26 de xullo de 2018, o seguinte:

**I. REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN PROVISIONAL OBTIDA NA PROBA INSTADA POR UN CANDIDATO MEDIANTE ESCRITO NÚM. E-RE NÚM. 487, DE 23 DE XULLO DE 2018.**

Logo da asistencia efectuada polo programador adscrito ao servizo de novas tecnoloxías da Deputación provincial de Pontevedra, asesor especialista do Tribunal, para a identificación da folia de exame do candidato que insta a revisión e comprobada a lectura dos resultados obtidos feita pola máquina correctora da proba, cedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, o Tribunal acordou confirmar a cualificación provisional feita con data 19 de xullo de 2018.

O candidato que instou a revisión poderá concorrer perante o Presidente e secretaria do Tribunal co obxecto de verificar as respostas correctas e erróneas consignada na folia de exame, o vindeiro venres 27 de xullo, ás 12 horas da mañana, nas dependencias da secretaria do concello, sitas na pranta primeira da casa consistorial do concello de Bueu.

**II. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS/RECLAMACIÓNS PRESENTADAS EN TEMPO E FORMA**

Publicado o correspondiente anuncio que contén o resultado provisional das cualificacións obtidas polos candidatos que concorreron á primeira proba obrigatoria e eliminatoria (cuestionario de preguntas tipo test) no procedemento selectivo de referencia e transcorrido o prazo outorgado para a formulación de alegacións ou reclamacións ao mesmo, o Tribunal acordou resolver as presentadas en tempo e forma do seguinte xeito:

**II.A.- ALEGACION Á PREGUNTA 18**

DATOS PRESENTACION	PETICIÓN	RESULTADO VALORACIÓN
E-RE núm. 493 23 de xullo de 2018, ás 23:03 horas Cumpre prazo e forma	Anulación da pregunta formulada	Rexeitada

**RESPOSTA Á ALEGACION**

O enunciado da pregunta plantexa un suposto concreto de licitación dunha obra por un importe que permite aplicar as regras procedimentais xerais relativas á publicidade, nos



termos sinalados no art. 63 da LCSP e as específicas, previstas no art. 159 da citada norma.

Na formulación da pregunta o Tribunal tivo en conta o carácter práctico da proba previsto no apartado a ) da base 8.2 que lle permite plantexar cuestións relacionadas co temario con preguntas alternativas das que so unha delas sexa correcta.

No temario que figura como ANEXO I das bases consta, no Tema 9, as ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DOS CONTRATOS e a SELECCIÓN DO CONTRATISTA.

A resposta que figura sinalada no apartado a) é, en todo caso, sen perxuízo do procedemento de contratación aplicable, incorrecta toda vez que o art. 63.3.a da LCSP preve á obrigatoriedade da publicación do informe de insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos e o suposto plantexado no enunciado se corresponde coa licitación dunha obra.

A resposta que figura no apartado b) é igualmente incorrecta toda vez que cando a licitación do contrato esixa a publicación do correspondente anuncio no perfil de contratante do órgano de contratación, a documentación esixible debe estar dispoñible por medios electrónicos dende a data de publicación do anuncio e non dende a data seguinte á de publicación do anuncio no perfil.

A opción de resposta consignada no apartado c) se configura, polo tanto, como a única opción de resposta correcta posible, tendo en conta os datos do suposto práctico consignado no enunciado da pregunta en base ás regras procedimentais previstas no artigo 159 da LCSP, e a teor do carácter práctico da proba que non esixe o planteamento puramente teórico na formulación das mesmas.

Xunto co anterior é preciso ter en conta que na formulación do suposto práctico plantexado na pregunta 18 non figuran adverbios como “SIEMPRE” ou “EN TODO CASO” o que obriga ter en conta, para resolver a mesma, e seleccionar a opción de resposta correcta, as especialidades dos diferentes procedementos de contratación e determinar a qué concreto procedemento corresponden os trámites sinalados nas diferentes opcións de resposta.

O enunciado plantexa cuestións procedimentais xerais e específicas na licitación dunha obra cun valor estimado determinado e na elección da opción de resposta correcta deben ser tidos en conta a regulación xeral e específica para cada tipo de procedemento que permita ao candidatos determinar en qué concreto procedemento pode encaixar o suposto para poder determinar cales das opcións de resposta son correctas e cales non.

Deste feito a propia alegante reconece no escrito de alegacións a existencia dunha resposta correcta (a que figura na plantilla provisional) e dous incorrectas se se ten en conta que o contrato se licita por procedemento aberto simplificado.

A comprensión no sentido das preguntas non pode illarse do contido das respostas. Neste caso cúmprese a esixencia que fai inequívoca a resposta máis acertada entre as distintas opcións ofrecidas, de xeito de non se induce razoablemente a apartarse ou separarse da resposta correcta.

**En base ao anterior o Tribunal acordou confirmar a pregunta formulada e a opción de resposta considerada como válida na plantilla provisional toda vez que polos datos consignados no enunciado e o réxime dos diferentes tipos de procedementos de contratación resulta inequívoca a opción de resposta máis acertada entre as distintas opcións ofrecidas polo que se rexeita a petición de**

**anulación da pregunta núm. 18.****II.B.-ALEGACION Á PREGUNTA 19**

DATOS PRESENTACION	PETICIÓN	RESULTADO VALORACIÓN
E-RE núm. 493 23 de xullo de 2018, ás 23:03 horas Cumpre prazo e forma	Anulación da pregunta formulada	Rexeitada

**RESPOSTA Á ALEGACION**

Os datos consignados no enunciado do suposto practico sobre os que se formulan as opcións de resposta responden á licitación dun servizo por un importe que permite aplicar as regras procedimentais específicas previstas no art. 159 da LCSP.

Na formulación da pregunta o Tribunal tivo en conta o carácter práctico da proba previsto no apartado a ) da base 8.2 que lle permite plantexar cuestións relacionadas co temario con preguntas alternativas das que so unha delas sexa correcta.

No temario que figura como ANEXO I das bases consta, no Tema 9, a SELECCIÓN DO CONTRATISTA.

A opción de resposta que figura sinalada no apartado a) é incorrecta por non axustarse aos prazos previstos no artigo 159.2 a) da LCSP.

A opción de resposta consignada no apartado c) é igualmente incorrecta por non axustarse aos prazos previstos no artigo 159.2 f) da LCSP.

A opción de resposta consignada no **apartado b)** é a única posible en aplicación do réxime previsto no apartado b) do citado artigo 159.6

Xunto co anterior é preciso ter en conta que na formulación do suposto práctico plantexado na pregunta 19 non figuran adverbios como “SIEMPRE” ou “EN TODO CASO” o que permite ter en conta, para resolver a mesma, e seleccionar a opción de resposta correcta, as especialidades dos diferentes procedementos de contratación e determinar a qué concreto procedemento corresponden os trámites sinalados nas diferentes opcións de resposta.

O enunciado plantexa cuestións procedimentais específicas na licitación dun servizo cun valor estimado determinado e na elección da resposta correcta deben ser tidos en conta a regulación específica para cada tipo de procedemento que permita ao candidatos determinar en qué concreto procedemento pode encaixar o suposto para



poder determinar qué respostas son correcta e cáles non.

Deste feito a propia alegante recoñece no escrito de alegacións a existencia dunha resposta correcta (a que figura na plantilla provisional) e dous incorrectas se se ten en conta que o contrato se licita por procedemento aberto simplificado.

A comprensión no sentido das preguntas non pode illarse do contido das respostas. Neste caso cúmprese a esixencia que fai inequívoca a resposta máis acertada entre as distintas opcións ofrecidas, de xeito de non se induce razoablemente a apartarse ou separarse da resposta correcta

**En base ao anterior o Tribunal acorda confirmar a pregunta formulada e a opción de resposta considerada como válida na plantilla provisional toda vez que polos datos consignados no enunciado e o réxime dos diferentes tipos de procedementos de contratación resulta inequívoca a opción de resposta máis acertada entre as distintas opcións ofrecidas polo que se rexeita a petición de anulación da pregunta núm. 19.**

#### II.C.-ALEGACION Á PREGUNTA 23

DATOS PRESENTACION	PETICIÓN	RESULTADO VALORACIÓN
RE núm. 4796 24 de xullo de 2018 Cumpre prazo e forma	Anulación da pregunta formulada	Rexeitada

#### RESPOSTA Á ALEGACION

A pregunta formulada resposta ao réxime de funcionamento das sesións extraordinarias do Pleno da corporación municipal previsto no apartado 2º do artigo 46 da lei 7/85 xunto coas regras que se contén no artigo 78 do Rd 2568/86 en todo aquilo que non se opoña á regulación establecida na lei 7/85, no suposto de que a súa celebración sexa instada por concelleiros da corporación municipal e non polo seu Presidente.

Neste senso o apartado a) do citado artigo 46.2ª) dispón o seguinte:

**“.../...el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, LA CELEBRACIÓN DEL MISMO NO PODRÁ DEMORARSE POR MÁS DE QUINCE DÍAS HÁBILES DESDE QUE FUERA SOLICITADA, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria”**

A opción de resposta consignada no **apartado a)** reproduce a regulación contida no precepto sinalado no que respecta á CELEBRACIÓN de sesións extraordinarias instadas por concelleiros da corporación.



A opción de resposta consignada no apartado b), relativos ao prazo da CONVOCATORIA debe ser considerada errónea por non axustarse ao prazo sinalado no artigo 78 do Rd 2568/1986 que establece literalmente *“La convocatoria de la sesión extraordinaria a instancia de miembros de la Corporación deberá efectuarse dentro de los cuatro días siguientes a la petición “*

A opción de resposta consignada no apartado c), resposta ao número de concelleiros da corporación municipal do concello de Bueu que, como mínimo ten que instar a celebración dunha sesión extraordinaria para que a mesma poda ser convocada e celebrarse tendo en conta as regras sinaladas nos artigos de referencia da Lei 7/85 e no Rd 2568/86. Neste senso, tendo en conta o número de membros da corporación municipal do concello de Bueu e que o número de concelleiros que solicitan a celebración da sesión extraordinaria do Pleno da corporación municipal, sinalado no enunciado do suposto, representan máis da cuarta parte do número legal de membros da Corporación municipal de Bueu, a resposta c) resulta incorrecta, poidendo instar a celebración da sesión extraordinaria pretendida e debiéndose aplicarse as regras contidas no apartado 2.<sup>a</sup>) do citado artigo 46 da lei 7/85.

Logo do anterior a única opción de resposta correcta é a consignada no apartado a) tal e como consta na plantilla de respostas provisionais, aprobada polo Tribunal, con data 19.7.2018, que foi tida en conta na corrección da proba.

**En base ao anterior o Tribunal acorda confirmar a pregunta formulada e a opción de resposta considerada como válida na plantilla provisional toda vez que polos datos consignados no enunciado e as regras consignadas na LBRL e no ROFRXEL relativas á convocatoria e celebración de sesións extraordinarias plenarias instadas por concelleiros da corporación, resulta inequívoca a opción de resposta correcta entre as distintas opcións ofrecidas polo que se rexeita a petición de anulación da pregunta núm. 23.**

#### II.D.-ALEGACION Á PREGUNTA 27

DATOS RE	PETICIÓN	RESULTADO VALORACIÓN
RE núm. 4796 24 de xullo de 2018	Anulación da pregunta formulada	Rexeitada

#### RESPOSTA Á ALEGACION

A pregunta formulada resposta ao réxime da representación dos interesados no procedemento e dos rexistros electrónicos de apoderamentos que se contén nos artigos 5º e 6º da Lei 39/2015.

Respecto á opción de resposta consignada no apartado b) relativa a interoperabilidade e interconexión, compre indicar que o apartado 2º, parágrafo terceiro, do art. 6º



establece a esixencia da interoperatividade dos rexistros mercantís, da propiedade, e dos protocolos notariais cos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos.

Dita esixencia se contén no derradeiro parágrafo do apartado 2º do citado artigo 6 onde se regula a interoperatividade dos rexistros electrónicos de apoderamento do seguinte xeito:

*2. Los registros electrónicos generales y particulares de apoderamientos pertenecientes a todas y cada una de las Administraciones, deberán ser plenamente interoperables entre sí, de modo que se garantice su interconexión, compatibilidad informática, así como la transmisión telemática de las solicitudes, escritos y comunicaciones que se incorporen a los mismos.*

**Los registros electrónicos generales y particulares de apoderamientos permitirán comprobar válidamente la representación de quienes actúen ante las Administraciones Públicas en nombre de un tercero, mediante la consulta a otros registros administrativos similares, al registro mercantil, de la propiedad, y a los protocolos notariales.**

**Los registros mercantiles, de la propiedad, y de los protocolos notariales serán interoperables con los registros electrónicos generales y particulares de apoderamientos.**

Logo do anterior, a interoperatividade esixida aos citados rexistros permite garantir a interconexión, compatibilidade informática e transmisión telemática de comunicacións no mesmo senso que o previsto no parágrafo 1º do apartado 2º do precepto de referencia para os rexistros electrónicos de apoderamentos de cada unha das administracións.

Según o glosario de termos do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperatividade, ésta é a capacidade dos sistemas de información, e por ende dos procedementos aos que éstos dan soporte, de compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles.

Entre as distintas dimensións da interoperatividade está a dimensión técnica, que é aquela dimensión relativa á relación entre sistemas e servizos de tecnoloxías da información, incluíndo aspectos tales como as interfaces, a interconexión, a integración de datos e servizos, a presentación da información, a accesibilidade e a seguridade, ou outros de natureza análoga.

Polo tanto, dende un punto de vista técnico, a interconexión é un aspecto máis da interoperatividade, e polo tanto é tamén esixible, como aspecto da interoperatividade, aos rexistros mercantís, da propiedade e dos protocolos notariais, xa que a interoperatividade non queda garantizada sen a interconexión

Logo do anterior resulta que a resposta b) é correcta.

Por outra banda a resposta consignada no apartado a) é igualmente correcta nos termos regulados no citado artigo 6º e no apartado 5º do artigo 5º da Lei 39/2015 relativa á representación que indica que

*“ El documento electrónico que acredite el resultado de la consulta al registro electrónico de apoderamientos correspondiente tendrá la condición de acreditación a estos efectos. “*

Logo da regulación sinalada, tanto a opción de resposta a), como a opción de resposta b) son correctas e polo tanto a que debe ser considerada válida polo Tribunal é a opción de resposta c) “Todas las respuestas anteriores son correctas.” tal e como consta na



plantilla de respostas provisionais, aprobada polo Tribunal, con data 19.7.2018, que foi tida en conta na corrección da proba.

Neste caso cúmprese a esixencia que fai inequívoca a resposta máis acertada entre as distintas opcións ofrecidas, de xeito de non se induce razonablemente a apartarse ou separarse da resposta correcta

**En base ao anterior o Tribunal acorda confirmar a pregunta formulada e a opción de resposta considerada como válida na plantilla provisional e rexeitar a petición de anulación da pregunta núm. 27.**

### **III. APROBACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DAS PUNTUACIÓNS OBTIDAS NA PRIMEIRA PROBA (PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA)**

Resoltas as reclamacións e alegacións no senso sinalado no apartado anterior, o Tribunal acorda elevar a definitiva a relación provisional das puntuacións obtidas na primeira proba (proba teórico-práctica) que figuran publicadas, con data 20 de xullo de 2018, no taboleiro electrónico da sede electrónica do concello de Bueu ( <https://bueu.sedelectronica.gal> ) .

**CSV do anuncio que contén a relación provisional das puntuacións obtidas na primeira proba (proba teórico-práctica) elevada a definitiva:**  
**5RJCGZ5R7LENXYTKJF347R3QS**

O listado de candidatos que superaron a proba é o que figura COMO ANEXO ADXUNTO AO PRESENTE ANUNCIO.

Os candidatos aparecen ordeados no listado adxunto, de maior a menor, en base á cualificación obtida. Os empates nas cualificacións obtidas na 1ª proba resolveranse por sorteo público cuxa realización se anunciará para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínimo de 48 horas , no Taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique no Taboleiro físico de anuncios da Casa do Concello ubicado na casa consistorial do concello de Bueu (planta baixa) a fin de determinar a orde de prelación dos mesmos.

### **IV. CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA- Coñecemento da lingua galega.**

Tendo en conta a regulación contida na base 5.2. e 8.2.c , o Tribunal acordou convocar ao seguinte candidato, o vindeiro martes 31 de JULIO de 2018, ás 9 horas da mañana, na sala de concelleiros, sita na segunda pranta da casa consistorial do concello de Bueu, para a celebración do SEGUNDO EXERCIZO- Coñecemento da lingua galega:

SALVADOR GÓMEZ GARCIA

O aspirante deberá presentarse provisto de DNI ou outro documento fidedigno que a xuízo do tribunal acredite a súa identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Contra as resolucións e os actos de trámite deste Tribunal, si estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo



## CONCELLO DE BUEU

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE FUNCIONARIOS INTERINOS PARA O ACCESO Á CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE BUEU

irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o sr. Alcalde, no prazo dun mes (base 16.1 e LPAC).

O que se publica para xeral coñecemento dos interesados no procedemento co cumprimento do ordeado no citado acto administrativo que resulta da regulación contida na base 16.2.

*(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE)*



**LISTADO DE CANDIDATOS QUE SUPERARON A PROBA**

DNI	Nombre	Apellido1	Apellido2
35568975G	MARCOS	ALONSO	BARCIA
44086497M	JULIA MARIA	DACOSTA	GOMEZ
36133570H	TATIANA	ORDOÑEZ	DEL PAZO
76871505P	ROCIO	HERMIDA	MISER
39464861N	MARTA	PEREIRA	MARTINEZ
53181437D	ALBA MARIA	OTERO	OITAVEN
36139140E	ELENA MARIA	VALCARCE	RODRÍGUEZ
39455272Z	JUAN LUIS	PEREZ	MARTINEZ
44081475C	LUCIA	FERNANDEZ	CONSTENLA
76996573W	LAURA	CAMPOS	RIVAS
76829006J	RAQUEL	GAGO	RODRIGUEZ
32713386A	DIEGO ALFREDO	DOPICO	FURELOS
76927286Z	MERCEDES	MUNAIZ	ALONSO
53119128F	TAMARA	SOTELO	PEREZ
44874928L	SALVADOR	GOMEZ	GARCIA
36150316C	ELVA	PEREIRA	ANDRES
32771804R	SUSANA	SOUTO	MARTIN
35317929A	MARIA PILAR	LISTE	BLANCO
36091488A	JOSE ALBERTO	COUSIDO	FERNÁNDEZ
77013066G	JACOBO	SANTOME	SEIJAS
76999658M	VANESA	PEREZ	CARBALLIDO
36152343T	GUADALUPE	RODRIGUEZ	MARTINEZ
36137641H	NOA	PEREZ	LORENZO
36094388M	RAQUEL	PORTELA	TEJERO
76905402A	EVA	ALVAREZ	MARTINEZ
44085087K	M <sup>a</sup> VICTORIA	ALVAREZ	TABOADA
53118196H	REBECA	VILARIÑO	VILLAR
35309601R	M <sup>a</sup> DEL CARMEN	DE LA CRUZ	CASALDERREY
36158317V	ARTURO	GUTIERREZ	VELO
36051285G	JOSE MANUEL	GARCIA	VILLASANTE
36131315V	JORGE	LORENZO	VAZQUEZ
35323996K	MANUELA	BUGALLO	FONTAN
36171896A	NOEMIA	SIENES	ALONSO
53116691P	JESSICA	SOUTO	LOIRA
53172712R	ANA ISABEL	REGADES	RIVERA
36128658M	MARIA JOSE	OTERO	NEIRA
53189297A	ALEJANDRA	SILVA	FERNANDEZ
53114052Z	LORENA	MENDEZ	MARTINEZ
76819478F	MARIA JESUSA	CASTRO	SUCASAS
77405401M	SEGUNDO	FEIJOO	FARIÑA
53612626V	ALEJANDRA	LOPEZ	HERMO
36092508B	MARGARITA	FERNANDEZ	GUNTIN
36129823C	ANGELA	RODRIGUEZ	PEREIRA
07493326H	MARTA MARIA	SOTO	PEREZ
35292396T	MARIA JOSE	GARCIA	VILAS
53187466N	SARA	GONZALEZ	RODRIGUEZ